

## **MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CARBALLO SOBRE SOLICITAR Á DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO A REVISIÓN DOS VALORES CATASTRAIS DO MUNICIPIO DE CARBALLO Ó AMPARO DO ARTIGO 32 DA LEY XERAL DO CATASTRO INMOBILIARIO.**

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Carballo desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **Moción**.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Primeiro.- Os valores catastrais actuais de Carballo son o resultado dunha Penencia de Valoros eleborada no ano 2008, nas proximidades dun máximo de valores de mercado e de altas expectativas de futuro. A aplicación desa Ponencia deu como resultado que moitas vivendas sufriran un incremnto superior ó 80% na súa valoración. De feito, e para paliar o efecto, o Concello optou por repartir ese incremento nos dez anos seguintes, sendo este 2018 o de aplicación do valor total aos efectos do IBI.

Segundo.- A pesar de que o mercado inmobiliario parece ter certa recuperación seguimos lonxe da situación dos anos 2007 e 2008, provocando que o valor catastral estea excesivamente próximo ó valor de mercado dos inmobles.

Terceiro.- O Apartado 2 do Artigo 32 da Lei Xeral do Catastro Inmobiliario establece o procedemento para que os valores catastrais dun municipio se poidan variar mediante coeficientes que acompañarán á Ley de Presupostos do Estado.

Cuarto.- O último índice de aplicación coñecido é o do ano 2018, que foi de 0,96 para concellos na situación de Carballo. A perda de recadación no IBI sería perfectamente asumible no contexto das liquidacións presupostarias dos últimos anos.

**Por todo elo, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Carballo somete a votación a seguinte MOCIÓN para aprobar a seguinte:**

**Proposta.**

O Concello de Carballo solicitará no prazo establecido a revisión dos valores catastrais do termo municipal en base ó disposto no Artigo 32 do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Carballo, 19 outubro do 2018



María Carmen Vila Blanco  
Voceira do Grupo Municipal Socialista

**ALCALDE – PRESIDENTE/A DA CORPORACIÓN MUNICIPAL**